Subvencións concedidas pola entidade

SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
AXUDAS ENTIDADES LOCAIS MELLORA EFICIENCIA REDES DE ABASTECIMENTO. REACT			1.500.000
AXUDAS ENTIDADES LOCAIS PARA INSTALACION CONTADORES EN ALTA			400.000
AXUDAS ENTIDADES LOCAIS PARA SISTEMAS ABASTECIMENTO URBANO REDACCIÓN PLANS EMERXENCIA ANTE SITUACIÓNS SECA	0	259.012	350.000
AXUDAS PARA A MELLORA DE PEQUENOS ABASTECIMENTOS NO ÁMBITO RURAL E APOIO ÁS COMUNIDADES DE USUARIOS		102.662	500.000
CC AG-VICEPRESIDENCIA-FUNDACIÓN UDC PROX. FORTALECIMENTO DECAPACIDADES PARA MELLORA XESTIÓN REC. HÍDRICOS MOZAMBIQUE	0	75.000	75.000
CONV. AUGAS DE GALICIA, DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORANA	392.536	392.536	410.000
CONVENIO IET, AUGAS DE GALICIA E ADEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE EDUCACIÓN PARA A SUSTENTABILIDADE DOS RÍOS	50.000	50.000	50.000
CONVENIO XUNTA DE GALICIA,AUGAS DE GALICIA,ACUANORTE E CONCELLO DE VIGO PARA "SANEAMENTO VIGO"	10.068.000	3.059.000	3.059.000
TOTAL	10.510.536	3.938.210	6.344.000

As subvencións de explotación que se prevén no exercicio 2021 instrúntanse mediante convenios de colaboración coas seguintes entidades:

* Convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña por importe de 410.000 €, co fin de dar cumprimento ao establecido no prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis no que atinxe ao destino do canon devindicado pola explotación, canon que Augas deberá destinar a obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos Concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña, mediante a formalización dun convenio coas citadas entidades locais.

* Convenio de colaboración co Instituto de Estudos do Territorio e a Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia por importe de 50.000 € para o desenvolvemento dun programa de educación para a sustentabilidade dos ríos "Proxecto Ríos". Este proxecto é un programa de voluntariado e educación para a sostibilidade que pretende dar resposta a unha problemática de ámbito galego (e tamén global) como é a contaminación e o deterioro dos ecosistemas fluviais. Con este proxecto preténdese dar a coñecer o papel fundamental dos ríos e as problemáticas ambientais ligadas a estes, así como achegar prácticas e comportamentos que permitan aos cidadáns o mantemento e a mellora dos cursos fluviais mediante a práctica de dinámicas que fomenten a súa participación.

* Convenio coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Universidade da Coruña para o proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ)", por un importe de 75.000 €. O proxecto ten como obxectivo xeral o de contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique en relación aos impactos derivados de eventos hidrolóxicos extremos e a escaseza de auga, a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos con enfoque de conca en Mozambique.

Polo que se refire ás subvencións de capital para o exercicio 2021 instrúntanse a través das seguintes actuacións:

* Convenio de colaboración con Acuaespaña e o Concello de Vigo por importe de 3.059.000 € que ten por obxecto resolver as deficiencias existentes no sistema de depuración da cidade de Vigo. A solución proposta para o cumprimento dos obxectivos de calidade consta das seguintes actuacións: EDAR, emisario submarino e acometida eléctrica á EDAR.

* Concesión de axudas destinadas ás entidades locais para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, por un importe de 350.000 €. A finalidade das axudas é que as entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación contén cun instrumento básico de planificación para xestionar os posibles episodios de seca, de tal xeito que se garanta o abastecemento á poboación e se fomente o emprego eficiente dos recursos hídricos.

*Concesión de axudas para a mellora de pequenos abastecementos no ámbito rural e apoio ás comunidades de usuarios por un importe de 500.000 €. Trátase de pequenas actuacións na zona rural nos sistemas de abastecemento de auga potable en función das necesidades de subministro e do estado das redes existentes.

*Concesión de axudas destinadas ás entidades locais por importe de 400.000 euros para a instalación de equipos de medida do caudal extraído e consumido e a levar a cabo auditorías e medidas que lles permitan coñecer o nivel de perdas na rede e reduci-lo até un máximo do 20% en 2023. Coas subvencións previstas dentro desta liña darase apoio ás entidades locais no cumprimento destas obrigas o obxectivo de aumentar a resiliencia fronte a episodios de seca.

*Concesión de axudas a entidades locais para a mellora de eficiencia de redes de abastecemento financiadas polo fondo europeo de recuperación (REACT-Eu) por importe de 1.500.000 €.

Durante 2021 está previsto formalizar os convenios con ACUAES para a construción das EDAR de Santiago de Compostela e Pontearreas que Augas de Galicia cofinanciará e cuxa execución prevese iniciar en 2022.

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIÓNS DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
Da consellaría de Infraestruturas e Mobilidade	9.062.461	40.566.747	68.926.598
De Concellos	0	0	2.703.247
TOTAL	9.062.461	40.566.747	71.629.845

As transferencias de capital para o financiamento de parte do orzamento de capital de Augas de Galicia procederán da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade por un total de 63.926.598 €. Por fontes de financiamento desagreganse:

* FEDER REACT: 16.000.000 € (fondo europeo de recuperación, React-EU).

* FEDER: 27.072.995 €

* FEADER: 3.461.421 €

* Fondos propios da comunidade autónoma que cofinanciarán os Fondos Europeos 13.264.737 €

* Fondos procedentes do Estado para cofinanciación do FEADER: 346.142 €

*Outros fondos finalistas: 3.781.303 €

Así mesmo, Augas de Galicia tamén recibe transferencias de capital de entidades locais para o cofinanciamento de obras solicitadas por estas por importe de 2.703.247 €.

Os fondos FEDER REACT serán asignados a dous grandes ámbitos de actuación. Por un lado, irán destinados á mellora, ampliación e renovación de infraestruturas de depuración menos eficientes. Por outro, á mellora da eficacia de grandes sistemas de abastecemento que presenten vulnerabilidades.

As actuacións a desenvolver por Augas de Galicia enmárcanse dentro dos eixos 5 e 6 do PO FEDER Galicia 2014-2020.

Eixo prioritario 5: Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos.

Prioridade de investimento: PI.5.2. Fomento do investimento para abordar os riscos específicos, garantía de resiliencia fronte ás catástrofes e desenvolvemento de sistemas de xestión de catástrofes.

Obxectivo específico OE.5.2.1: Fomento do investimento para a prevención e xestión de riscos específicos sobre as Poboacións, incluíndo Protección Civil.

As actuacións a desenvolver no eixo 5 son as seguintes:

- PREVENCIÓN E XESTIÓN DAS INUNDACIÓNS NA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA - COSTA.

Nesta actuación proxéctase a execución das accións derivadas do proceso de implantación da Directiva 2007/60/CE, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, cos obxectivos de:

- Diminuír o risco de inundación nos 543 km dos tramos de río incluídos nas áreas de risco potencial significativo de inundación.

- Mellora do estado ecolóxico como efecto indirecto de reducir riscos a través de medidas de xestión que diminúan a presión sobre os cauces.

Entre outras accións, se contemplan:

- Realización de actuacións que permitan mellorar o fluxo da auga nos leitos, eliminando obstáculos e reforzando a estabilidade das marxes cando sexa preciso.

- Mellorar o sistema de Augas de Galicia para a predición de inundacións, elaborando ademais os plans de emerxencia das presas xestionadas pola Comunidade Autónoma.

Eixo prioritario 6: Conservar e Protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos.

Prioridade de investimento: Pl.6.2. O investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos.

Obxectivo específico OE.6.2.1: Culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga.

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- AMPLIACIÓN E MELLORA DA EDAR E DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE PLACERES. Esta actuación enmárcase dentro da estratexia establecida pola Xunta de Galicia para mellorar a calidade dos ecosistemas acuáticos a través dos denominados Plans de Saneamento Locais, que perfilan as actuacións necesarias para conseguir unha calidade óptima no medio. Neste caso trátase da ría de Pontevedra e a actuación se dirixese á mellora do funcionamento do sistema de saneamento e á ampliación do servizo da EDAR de Placeres. Esta actuación ubícase nunha zona cualificada como sensible e mellorará o servizo do sistema de saneamento dos concellos de Pontevedra, Marín e Poio, principais núcleos de poboación da ría de Pontevedra, así como dunha parte dos concellos de Vila-boa e Pontecaldelas.

- ACTUACIÓNS PRIORITARIAS EN MATERIA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN PARA CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DA DIRECTIVA MARCO DA AUGA. Co obxectivo de acadar un bo estado ecolóxico das masas de auga, realizaranse melloras nas infraestruturas hidráulicas básicas incluídas no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa e no Plan de Saneamento de Galicia. As accións máis relevantes serán a ampliación e mellora das estacións depuradoras de augas residuais identificadas como prioritarias na planificación hidrolóxica.

- REFORMA E OPTIMIZACIÓN DOS SISTEMAS DE SANEAMENTO DAS RÍAS GALEGAS. O obxectivo xeral da actuación é a mellora da calidade das augas, en especial en canto á microbioloxía, establecendo as condicións adecuadas para garantir os usos da auga máis esixentes como son a acuicultura e o baño. Esta actuación, ademais, contribuír á cumprir os obxectivos ambientais da Directiva marco da auga, e enmárcase dentro da estratexia da Xunta de Galicia para mellorar a calidade dos ecosistemas acuáticos a través dos Plans de Saneamento Locais que perfilan as actuacións necesarias para acadar unha calidade óptima no medio.

En relación ao fondo FEADER, as actuacións a desenvolver por Augas de Galicia enmárcanse dentro de Medida 07: “Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais”, no PDR Galicia 2014-2020.

A medida enlaza esencialmente coa prioridade 6, de fomento do desenvolvemento local nas áreas rurais, e en particular, coas áreas focais 6B (promover o desenvolvemento local nas zonas rurais) e 6C (mellorar a accesibilidade ás TIC así como o seu uso e calidade nas zonas rurais).

A submedida poderá incluír as seguintes actuacións: Pequenas infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais.

En particular, para as infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais teranse en conta os seguintes criterios de selección:

- Actuacións que contribúan ao cumprimento das Directivas comunitarias en materia de augas.
- Actuacións que se encontren recollidas no Programa de Medidas do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, nos Plans de Saneamento e Abastecemento de Galicia, nos Plans de Saneamento Locais e/ou en calquera outro instrumento de planificación que se desenvolva.
- Actuacións que garantan o acceso ao abastecemento de auga nas debidas condicións de calidade e/ou eviten ou diminúan verteduras ao medio. Actuacións que promovan a optimización de recursos existentes, mellora na xestión, aforro da auga e minimización do consumo enerxético.
- Actuacións que se baseen en técnicas de drenaxe urbano sostible que se orientan ao que se coñecen como “infraestruturas verdes” na Estratexia Europa 2020.

OUTROS FONDOS EUROPEOS: Así mesmo Augas de Galicia desenvolverá o proxecto Innovaugas 4.0, proxecto de compra pública innovadora que persegue a xestión integrada avanzada das augas para optimizar os recursos hídricos e dar resposta a longo prazo ás demandas dos diferentes usos da auga, en equilibrio co medio natural e os ecosistemas fluviais, respectando a consecución dos obxectivos medioambientais establecidos para as masas de auga e atendendo aos novos escenarios determinados polo cambio climático. O proxecto conta cun orzamento total elixible de 7 millóns de euros e foi seleccionado a través da convocatoria da liña de Fomento de Innovación dende a Demanda para a Compra Pública de Innovación desenvolta polo Ministerio de Ciencia e Innovación. O proxecto está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 e

conta ademais coa aportación da Axencia Galega de Innovación (GAIN). Innovaugas 4.0 artículase sobre os seguintes eixes:

Eixe 1 – Mellora e innovación na xestión dos recursos hídricos e o medio ambiente.

Eixe 2 – Aumento da resiliencia ao cambio climático.

Eixe 3 – Incorporación do modelo de economía circular á xestión do ciclo integral da auga.

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

O financiamento de Augas de Galicia para o exercicio 2021 distribúese do seguinte xeito:

Os gastos de explotación que inclúen os gastos de persoal, os servizos exteriores, gastos financeiros e subvencións correntes instrumentadas mediante convenios de colaboración por un importe total de 33.480.538 € fináncianse con ingresos propios de Augas de Galicia de conformidade coa seguinte distribución:

* Ingresos pola xestión do canon da auga e coeficiente de vertedura: 28.936.425 €

* Ingresos propios de natureza diversa como taxas administrativas, abastecemento a concellos ou multas: 4.544.113 €

Os gastos de capital que inclúen tanto os investimentos (89.608.835,00 €) como as subvencións de capital 5.809.000 €), fináncianse con ingresos propios de Augas de Galicia, con transferencias de entidades locais e con transferencias de financiamento da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de conformidade coa seguinte distribución:

* Ingresos pola xestión do canon da auga: 28.787.990 €

* Transferencias de entidades locais para o cofinanciamento de obras: 2.703.247 €

* Transferencias de financiamento da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para gastos de capital: 63.926.598,00 € .

A Consellería chegará un total de 68.926.598 €, dos cales 63.926.598,00 € irán destinados a gastos de capital e 5.000.000 € irán destinados á dotación para a aportación de Augas de Galicia á CREAMIENTO DA SOCIEDADE PARA A XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA, S.A. que lle permitirá subscribir as accións nominativas previstas no anteproxecto da lei de creación de dita sociedade.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021				
AUGAS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
	A) Inmobilizado	21.196	58.462	102.033
	I. Investimentos destinados ao uso xeral			
	1. Terreos e bens naturais			
	2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral			
	3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural			
	II. Inmovilizacións inmateriais			
	1. Gastos de Investigación e desenvolvemento			
	2. Propiedade industrial			
	3. Aplicacións informáticas			
	4. Propiedade intelectual			
	5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro			
	6. Inmobilizado inmaterial	27.997	11.403	15.461
	7. Amortizacións	-27.997	-11.403	-15.461
	III. Inmovilizacións materiais	2.220	2.307	2.454
	1. Terreos e construcións	3.571	3.571	3.571
	2. Instalacións Técnicas e Maquinaria	140	140	140
	3. Mobiliario	327	327	327
	4. Outro inmobilizado	1.909	2.284	2.684
	5. Amortizacións	-3.726	-4.014	-4.267
	IV. Investimentos xestionados	18.976	56.155	94.579
	V. Inmovilizacións financieras			5.000
	1. Carteira de valores a longo prazo			
	2. Outros investimentos e créditos a longo prazo			5.000
	3. Depósitos e fianzas constituídos a LP			
	4. Provisións			
	B) Gastos a distribuír en varios exercicios			
	C) Activo circulante	6.915	-598	-28.838
	I. Existencias			
	1. Comerciais			
	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
	3. Productos en curso e semiterminados			
	4. Productos terminados			
	4. Subproductos, residuos e materiais recuperados			
	6. Provisións			
	II. Debedores	-12.345	-25.237	-48.036
	1. Debedores orzamentarios	23.837	48.266	63.892
	2. Debedores non orzamentarios	57	57	57
	3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
	4. Administracións públicas	85	85	85
	5. Debedores varios			
	6. Provisións	-36.324	-73.645	-112.069
	III. Investimentos financeiros temporais	24	24	24
	1. Carteira de valores a curto prazo			
	2. Outros investimentos e créditos curto prazo			
	3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo	24	24	24
	4. Provisións			
	IV. Tesourería	19.236	24.614	19.173
	V. Axustes por periodificación			
	TOTAL XERAL (A + B + C) ...	28.111	57.864	73.195

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021				
AUGAS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
	A) Fondos propios	13.629	13.629	13.629
	I. Patrimonio			
	1. Patrimonio			
	2. Patrimonio recibido en adscrición			
	3. Patrimonio recibido en cesión			
	4. Patrimonio entregado en adscrición			
	5. Patrimonio entregado en cesión			
	6. Patrimonio entregado ao uso xeral			
	II. Reservas			
	III. Resultados de exercicios anteriores	8.974	13.629	13.629
	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	8.974	13.629	13.629
	2. Resultados negativos de exercicios anteriores			
	IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)	4.656		
	B) Provisións para riscos e gastos	3.805	4.805	5.805
	C) Acredores a longo prazo			
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables			
	1. Obrigacións e bonos			
	2. Débedas representadas en valores negociables			
	3. Xuros de obrígas e outros valores			
	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Outras débedas a longo prazo			
	1. Débedas con entidades de crédito			
	2. Outras débedas			
	3. Débedas en moeda estranxeira			
	4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo			
	III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos			
	D) Acredores a curto prazo	10.676	39.429	53.761
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables			
	1. Obrigacións e bonos a curto prazo			
	2. Débedas representadas noutros valores negociables			
	3. Xuros de obrigacións e outros valores			
	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Débedas con entidades de crédito			
	1. Préstamos e outras débedas			
	2. Débedas por xuros			
	III. Acredores	10.676	39.429	53.761
	1. Acredores orzamentarios	7.440	33.889	48.221
	2. Acredores non orzamentarios	2.890	809	809
	3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
	4. Administracións Públicas	252	2.427	2.427
	5. Outros acredores	94	2.303	2.303
	6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo			
	IV. Axustes por periodificación			
	TOTAL XERAL (A + B+ C + D) ...	28.111	57.864	73.195

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
AUGAS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. GASTOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
	1. Redución de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	2. Aprovisionamentos			
	a. Consumo de mercadorías			
	b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
	c. Outros gastos externos			
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	-456	81.912	88.083
	a. Gastos de persoal	7.417	7.784	7.888
	a.1) Soldos e Salarios	5.905	6.141	6.311
	a.2) Cargas sociais	1.512	1.643	1.578
	b. Prestacións sociais			
	c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado	242	11.691	15.714
	c.1 de inmovilizado inmaterial		11.403	15.461
	c.2 de inmovilizado material	242	288	253
	d. Variacións das provisións de tráfico	-37.481	37.179	38.424
	d.1 Variacións das provisións de existencias			
	d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables	-37.481	37.179	38.424
	e. Outros gastos de xestión	29.268	25.057	25.857
	e.1 Servicios exteriores	29.255	24.037	24.832
	e.2. Tributos	13	20	25
	e.3. Outros gastos de xestión correntes		1.000	1.000
	f. Gastos financeiros e gastos asimilados	97	200	200
	f.1 Por débedas	97	200	200
	f.2 Perdas de investimentos financeiros			
	g. Variacións das provisións de investimentos financeiros			
	h. Diferencias negativas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	64.208	18.467	41.667
	a. Transferencias correntes	67		
	b. Subvencións correntes	443	990	535
	c. Transferencias de capital	10.992		
	d. Subvencións de capital	52.707	17.477	41.132
	5. Perdas e gastos extraordinarios	731	2.303	4.147
	a. Perdas procedentes do inmovilizado			
	b. Perdas por operacións de endebedamento			
	c. Gastos extraordinarios		2.303	4.147
	d. Gastos e perdas doutros exercicios	731		
	TOTAL GASTOS	64.482	102.682	133.898
	AFORRO	4.656		

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
AUGAS DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
	1. Ventas e prestacións de servizos	678	775	850
	a. Ventas			
	b. Prestacións de servizos	678	775	850
	c. Devolucións e rappels sobre vendas			
	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	3. Outros ingresos da xestión ordinaria	59.380	61.338	61.419
	a. Ingresos tributarios	56.347	61.328	61.419
	b. Reintegros	200		
	c. Traballos realizados pola entidade			
	d. Outros ingresos de xestión	2.429		
	d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente	826		
	d.2 excesos de provisións de riscos e gastos	1.603		
	e. Ingresos de participacións en capital			
	f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado			
	g. Outros xuros e ingresos asimilados	404	10	
	g.1 Outros xuros	404	10	
	g.2 Beneficios en investimentos financeiros			
	h. Diferencias positivas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	9.068	40.569	71.630
	a. Transferencias correntes	5	2	
	b. Subvencións correntes			
	c. Transferencias de capital	9.062	40.567	71.630
	d. Subvencións de capital			
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios	12		
	a. Beneficios precedentes do inmovilizado			
	b. Beneficios por operacións de endebedamento			
	c. Ingresos extraordinarios	12		
	d. Ingresos e beneficios doutros exercicios			
	TOTAL INGRESOS	69.138	102.682	133.898
	DESAFORRO			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021			
Formulario EP.04			
AUGAS DE GALICIA			
ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN			
A) Cobramentos:	77.272	78.395	114.126
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	60.158	41.832	46.987
2. Transferencias e subvencións recibidas	16.610	36.091	66.628
3. Vendas netas e prestacións de servizos	427	465	510
4. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
5. Intereses e dividendos cobrados	5	6	
6. Outros cobramentos	71		
B) Pagamentos:	41.364	28.599	30.165
1. Gastos de persoal	7.417	7.784	7.888
2. Transferencias e subvencións concedidas	11.455	693	375
3. Aprovisionamentos	22.280	19.922	21.702
4. Outros gastos de xestión	116		
5. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
6. Intereses pagados	97	200	200
7. Outros pagamentos			
Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (+A-B)	35.908	49.795	83.961
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
C) Cobramentos:			
1. Venda de investimentos reais			
2. Venda de activos financeiros			
3. Outros cobramentos das actividades de investimento			
D) Pagamentos	30.308	44.416	89.402
1. Compra de investimentos reais	30.308	41.900	80.916
2. Compra de activos financeiros			5.000
3. Outros pagamentos das actividades de investimento		2.516	3.485
Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (+C-D)	-30.308	-44.416	-89.402
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO			
E) Aumento no patrimonio			
1. Achegas da entidade ou entidades propietarias			
F) Pagamentos á entidade ou entidades propietarias.			
1. Devolución de achegas e repartición de resultados á entidade ou entidades propietarias			
G) Cobramentos por emisión de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
H) Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (+E-F+G-H)			
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN			
I) Cobramentos pendentes de aplicación			
J) Pagamentos pendentes de aplicación			
Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación(+I-J)			
V. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
VI. INCREMENTOS/DIMINUCCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)	5.600	5.379	-5.441
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	13.636	19.236	24.614
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	19.236	24.614	19.173

